



| PROCEDIMENTO<br>PROGRAMA CONECTA PEME | CÓD. DE PROCEDIMENTO<br>IN852A | DOCUMENTO X1<br>SOLICITUDE DE LIBRAMIENTO |
|---------------------------------------|--------------------------------|---|
|---------------------------------------|--------------------------------|---|

D./D.<sup>a</sup>

, con DNI núm.

, en

nome e representación da empresa

, con

NIF , beneficiaria dunha subvención concedida ao abeiro da Resolución do 31 de decembro de 2017, como entidade representante do proxecto co acrónimo , código de expediente **IN852A 2018/**,

**ACHEGA**, para a xustificación do custo subvencionable da **anualidade** , a seguinte documentación:

**Documentación xustificativa económica:**

- Modelo X2:** Resumo global de execución para a totalidade do proxecto, e a seguinte documentación por cada un dos membros da agrupación:
- Modelo X3:** Resumo da execución do proxecto no que constan o concepto subvencionable, a entidade provedora, o importe (IVE excluído) e a data de cada un dos xustificantes presentados, agrupados por conceptos de gasto.
- Documentación xustificativa do investimento:** documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificados, e estarán dispostas na orde na que están indicadas no **modelo X3**. Cando o beneficiario non dispóna de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel.
- Documentación xustificativa do pagamento:** copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel de transferencias, certificacións ou extractos bancarios ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento e o número e o importe total da factura satisfeita. De non estar acreditado o pagamento íntegro mediante estes documentos o gasto non será subvencionable.  
No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao proxecto a que corresponden.  
No caso de que un xustificante de pagamento inclúe varias facturas, acompañarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. En caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, será necesario presentar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pagamento da entidade, selada polo banco, coa relación detallada das facturas.
- Tres ofertas datadas e asinadas de diferentes entidades provedoras cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipamento e contratación de servizos ou subministracións, iguala ou supera os 15.000 euros.  
Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren achégase unha xustificación de tal circunstancia, datada e asinada polo representante legal.  
Se a elección non recae na proposta económica más vantaxosa, achégase unha memoria xustificativa datada e asinada polo responsable legal.
- Declaración asinada polo/a representante legal, de cada membro da agrupación, na que se detalla o cadre de amortización de cada equipamento incluído no seu orzamento calculado sobre a base de boas prácticas contables; un informe técnico sobre o período de amortización, e os estados contables da empresa; e os correspondentes documentos xustificativos do gasto e pagamento da compra.
- No caso de alugamento ou *leasing*: o contrato, as facturas e os documentos de pagamento das cotas correspondentes ao período de execución do proxecto.
- Modelo X8:** Declaración responsable da obriga de manter un sistema de contabilidade separada.
- Certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, conforme os beneficiarios están ao día nas súas obligas tributarias, no caso de que se oponan á súa consulta por parte do órgano xestor.
- Modelo X4:** Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para as mesmas partidas de gasto, ainda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. Achégase unha copia simple da resolución de concesión das outras axudas, no caso de que proceda.

Para a xustificación do custo de persoal destinado ao proxecto:

- Modelo X5-A:** Certificación emitida polo responsable de persoal, co visto e prace do/a xerente ou director/a da empresa, relativa aos custos de persoal.
- Modelo X5-B:** Certificación relativa á dedicación do persoal ao proxecto por traballador, asinada polo xefe técnico do proxecto e por cada traballador.
- Modelo X9:** No caso do persoal propio da entidade, xustificación da comunicación por escrito de cada traballador/a de que parte do seu salario está a ser cofinanciado co Feder coa mención expresa seguinte: "no marco do eixe 1 do programa operativo Feder Galicia 2014-2020".
- Informe de vida laboral actualizado de cada unha das empresas integrantes da agrupación, asinado e selado polo titular da autorización, con "período solicitado" que abrange dende a data de inicio do proxecto ata o 30 de novembro de 2018 ou día posterior.  
No caso dos/as traballadores/as en réxime de autónomos/as entrégase un informe de vida laboral (situacións) actualizado e completo, e no caso de que o/a devandito/a traballador/a non figure no Anexo I-Solicitud do proxecto, entrégase tamén unha declaración do/a representante legal da empresa da condición de socio/a desta.
- No caso de persoal de nova contratación: copia do contrato de traballo co selo de rexistro de entrada no Servizo Público de Emprego de Galicia (SEPE), ou ben acompañado co xustificante de comunicación a través da aplicación Contrat@, no que poda verificarse a exclusividade ao proxecto e o resto dos requisitos exixidos na convocatoria, xunto coa certificación da súa titulación académica (esta só no caso de que



| PROCEDIMENTO<br>PROGRAMA CONECTA PEME | CÓD. PROCEDIMENTO<br>IN852A | DOCUMENTO<br>SOLICITUDE LIBRAMENTO |
|---------------------------------------|-----------------------------|------------------------------------|
|---------------------------------------|-----------------------------|------------------------------------|

denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para fazer a consulta, utilizando o modelo (anexo XI) da convocatoria, modelo X7 que está tamén disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Nos contratos figurará expresamente que parte do seu salario está a ser cofinanciado co Feder coa mención expresa seguinte: "no marco do eixe 1 do programa operativo Feder Galicia 2014-2020".

- Copia das nóminas do persoal dedicado ás actividades do proxecto e copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.
- Modelo X6:** Declaración asinada polo responsable de persoal da entidade cos importes mensuais de retencíóns do IRPF dos traballadores dedicados ás actividades do proxecto, acompañada dos modelos 111 e dos seus correspondentes xustificantes bancarios.
- Boletíns de cotización á Seguridade Social e copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel dos seus xustificantes de pagamento.
- No caso de traballadores autónomos, deberanxe achegar as nóminas e os xustificantes bancarios do seu pagamento, así como xustificantes de pagamento das cotas á Seguridade Social.
- Modelo X10:** Declaración responsable da dedicación do persoal ao proxecto.

Para a xustificación das subcontratacóns:

- Factura emitida pola entidade subcontratada á entidade beneficiaria na que se especifique claramente o título do proxecto financiado. No caso de que sexan varias as facturas, todas elas deberán estar desagregadas especificar o título do proxecto financiado.
- Xustificante/s de pagamento da/s factura/s da/s subcontratación/s, cos mesmos requisitos que os indicados para os restantes xustificantes do proxecto.
- Memoria realizada por cada unha das entidades subcontratistas, na que se debe incluir unha relación das persoas que participaron no proxecto, unha descripción específica das actividades realizadas por cada unha delas nel e a porcentaxe de dedicación ao proxecto. Se a entidade subcontratista tivese varios contratos dentro do mesmo proxecto, entregará unha memoria por cada un dos contratos existentes.

**Documentación xustificativa técnica:**

(A documentación xustificativa técnica das actividades desenvolvidas é única para todos os membros da agrupación e a súa entrega é responsabilidade da entidade líder).

- Modelo X11:** Informe parcial de resultados do proxecto.
- Memoria en formato libre sobre a evolución do proxecto, na que se inclúe a xustificación do cumprimento das normas de publicidade do artigo 36 das bases reguladoras.
- Documentación xustificativa (documentación gráfica, fotografías ou calquera outro soporte probatorio) do cumprimento das obrigas de publicidade previstas no artigo 23 da convocatoria, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1303/2013 e o Regulamento de execución (UE) n.º 821/2014.

**Documentación sobre as obrigas de información e publicidade:**

- Modelo X12:** Declaración responsable sobre o cumprimento das normas de publicidade

**SOLICITA:**

Que se proceda ao libramento da subvención concedida.

, de de